

Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2023 e 2024, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

GDR - 02 – Asociación de Desenvolvemento comarcal Terra Chá

Convocatoria 2023-2024: proxectos non produtivos privados

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de desenvolvemento Rural do 13 de decembro de 2019 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 246 do 27 de decembro). Mediante Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 10 de marzo de 2021, modificáronse as citadas bases reguladoras (DOG núm. 53, do 18 de marzo). Mediante a Resolución do 26 de decembro de 2022 da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2023 e 2024 (DOG núm. 247).

Para o financiamento desta convocatoria, prevíase que no ano 2023 disporíase de 3.056.886,80 € con cargo ás aplicacións orzamentarias da Agader 14.A1.712A.760.0, 14.A1.712A.770.0 e 14.A1.712A.781.0 (aplicación orzamentaria 14.04.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00001 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural).

Para atender os compromisos derivados desta convocatoria con cargo á anualidade 2024, prevese un importe de 12.227.547,20 €, que se imputarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia da citada anualidade 2024.

ANO	IMPORTE
2023	148.452,08€
2024	593.808,32 €
TOTAL	742.260,40 €

Cómpre sinalar que o artigo 16.1 das bases reguladoras polas que se rexe esta convocatoria, dispón o seguinte:

“Dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais para cada un dos GDR, correspondentes á submedida 19.2, que se establezan en cada convocatoria, corresponde a cada GDR solicitar a Axencia Galega de desenvolvemento Rural, en función do sinalado na convocatoria e na súa estratexia de desenvolvemento local, a aprobación do importe máximo dispoñible para cada unha das tipoloxías de proxectos que se indican no parágrafo primeiro do número 1 deste artigo. As





solicitudes de cada un dos GDR deberán remitirse a Axencia Galega de desenvolvemento Rural durante os quince días naturais inmediatamente posteriores á data da publicación de cada unha das convocatorias”.

Tendo en conta que rematou o prazo de presentación de solicitudes para a convocatoria 2023-2024 de axudas para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2, e coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 16.1 das bases reguladoras, mediante a Resolución do 31 de maio de 2023 da directora xeral da Axencia Galega de desenvolvemento Rural, aprobáronse os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables para o GDR - 02 – Asociación de Desenvolvemento comarcal Terra Chá, que son, en concreto, os seguintes:

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.023	%	2.024	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	105.400,98	71,00	421.603,91	71,00	527.004,89	71,00
	Non productivos (entidades públicas locais)	29.690,42	20,00	118.761,66	20,00	148.452,08	20,00
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	13.360,68	9,00	53.442,75	9,00	66.803,43	9,00
	Formación (*)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL		148.452,08		593.808,32		742.260,40

(*) De acordo co disposto nos artigos 53 a 57 das bases reguladoras, así como no artigo 1.3 da resolución do 26 de decembro de 2022 da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se publica esta convocatoria, os proxectos que se encadren natipoloxía de formación, coa finalidade de incrementar a empregabilidade da poboación rural e que estean promovidos directamente polos GDRs no ámbito da submedida 19.2 do PDR, non participan na concorrència competitiva por non estar sometidos a criterios de selección e puntuación.

O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (<http://Axencia Galega de desenvolvemento Rural.xunta.gal>).

Ademais, a resolución notificárase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de desenvolvemento Rural, en virtude do do artigo 17 do acordo do Consello de Dirección de Axencia Galega de desenvolvemento Rural do 13/12/2019, feito público





mediante a Resolución do 18 de decembro de 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro).

- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- Existe coherencia coa proposta da Xunta directiva do GDR do 03/10/2023

**RESOLVO QUE SE PUBLIQUE O RESULTADO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS
SEGUNDO SE INDICA NOS PUNTOS SEGUINTEs:**

1. Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: promovidos por entidades privadas (anexo I)
2. Establecer a listaxe de proxectos con denegación de axuda (anexo II)





ANEXO I: PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe máximo de axuda %	Total axuda CONCEDIDA	IMPORTE AXUDA 2023	IMPORTE AXUDA 2024	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L23 1920 02 0182	"Muíño Do Pan" De Baamonde (*)	Centro Recreativo Cultural y Deportivo (Cercud) de Baamonde	92.565,00	84,00%	66.803,43	13.360,68	53.442,75	48,00	Alta

(*) Expediente acivado parcialmente: 10.951,17 € pendiente de activar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto





ANEXOII : EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA

Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L23 1920 02-0193	Centro Cultural.e Recreativo en Vilalba	6	Documentación requirida non presentada ou fóra de prazo

Motivos:

1. A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)
2. O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)
3. Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)
4. O proxecto non é elixible ao abeiro das fichas de elixibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.
5. O proxecto non acada a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.
6. Outras: especificar a causa no apartado de observacións

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela
Na data da sinatura dixital
O Consello de Dirección de Agader
(P.D. : Acordo do 13/12/2019)
A directora xeral de Agader
Inés Santé Riveira

